

3.2. COBERTURA SOCIAL E PRESTACIÓNS ECONÓMICAS

Ao longo do ano 2005, as obrigas contraídas polas entidades xestoras e a Tesorería General da Seguridade Social en Galicia ascenderon a 5.638,5 de euros, en tanto que os dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General ascenderon a 4.082,9 millóns de euros.

No que atinxe á cobertura social da Comunidade Autónoma, a cantidade presupostada para as tres consellerías con competencias nestas materias (Sanidade, Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, Xuventude, Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado) medrou un 10,9% respecto ao ano anterior, situándose nos 3.448,5 millóns de euros. O seu peso relativo no total dos presupostos da Xunta sitúase no ano 2005 en torno ao 37,9% do gasto total.

No último ano, o número total de beneficiarios dalgún tipo de prestacións económicas medrou en 7,0 miles de persoas, acadando as 831,3 miles de persoas. Este incremento ven explicado tanto pola medra do número de beneficiarios das prestacións por desemprego coma do das pensións contributivas.

Un ano máis, o importe medio das pensións contributivas segue a ser o máis baixo das dezasete Comunidades Autónomas. Asemade, volve a incrementarse o diferencial coa media estatal.

Tendo en conta que hai un capítulo específico dedicado ao estudio das prestacións sanitarias e sociais [3.3.- *Prestacións sanitarias e sociais*], neste capítulo se analizan en primeiro lugar, a cobertura social do Estado e da Comunidade Autónoma, para posteriormente centrarse nas prestacións económicas dos distintos beneficiarios dalgún tipo de prestación: pensións contributivas, pensións non contributivas, prestacións por desemprego e renda de integración social.

FINANCIAMENTO E COBERTURA SOCIAL DO ESTADO

Ao longo do ano 2005 o número de persoas afiliadas á Seguridade Social [**cadro 2.1.1. *Traballadores en alta laboral 2004-05: distribución segundo réximes***] experimentou un crecemento do 2,8% respecto ao ano anterior (27.437 afiliacións máis), para acadalas 997.745 persoas afiliadas. A maior parte destas afiliacións corresponden ao grupo do réxime xeral, que acolle ao 71,3% do total de afiliacións (711.283 traballadores), seguido do réxime especial de autónomos cun 18,2% das mesmas (181.902 persoas).

Antes da análise máis polo miúdo dos dereitos recoñecidos e das obrigas contraídas pola Tesorería General, o **cadro 3.2.1.** reflicte a existencia dun diferencial teórico positivo no caso do réxime xeral e do réxime especial de traballadores autónomos (206,1 e 65,2 millóns de euros, respectivamente), sendo esta diferenza negativa no resto dos réximes. Este saldo negativo acada os 1.216,1 millóns de euros no réxime especial agrario e os 367,7 millóns de euros no de traballadores do mar.

Os dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General da Seguridade Social ao longo do 2005 en Galicia, **cadro 3.2.2.**, acadaron os 4.082,9 millóns de euros, dos que 4.038,7 millóns de euros corresponden ás cotizacións sociais. A provincia de A Coruña é a que rexistra uns maiores dereitos recoñecidos netos, con 1.763,8 millóns de euros, o que supón o 43,2% do total galego, seguida de Pontevedra, con 1.458,3 millóns de euros, o 35,7% do total. En Lugo e Ourense ascenden a 449,2 e 411,6 millóns de euros, respectivamente, o que significa o 11% e o 10,1% do total da comunidade.

Obrigas contraídas e dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General de la Seguridad Social en Galicia 2005: distribución segundo reximes

	Dereitos recoñecidos	Obrigas contraídas	Diferencial
	<i>(en miles de €)</i>		
Réxime Xeral	2.929.374,9	2.723.289,6	206.085
Réxime especial de traballadores autónomos	522.804,0	457.580,4	65.224
Réxime especial agrario	87.721,3	1.303.825,4	-1.216.104
Réxime especial de traballadores do mar	90.311,6	457.983,3	-367.672
Réxime especial da minería do carbón	2.224,0	20.952,5	-18.728
Réxime especial de empregados de fogar	27.264,3	93.279,0	-66.015
Accidentes de traballo e enferm. profesionais	24.911,9	160.555,1	-135.643

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

3.2.1.

Desagregando as cotizacións sociais segundo réxime de aplicación en Galicia, o devandito **cadro 3.2.2.** reflicte que as máis importantes son as do réxime xeral, con 2.929,4 millóns de euros (o 72,5% do total das cotizacións sociais), seguíndolle en importancia as do réxime especial de traballadores autónomos, con 522,8 millóns de euros (12,9%) e as cotizacións de desempregados, con 354,1 millóns de euros (8,8%).

O importe total das obrigas contraídas en Galicia polas entidades xestoras e Tesorería General de la Seguridad Social ascendeu a 5.638,5 millóns de euros, dos que 5.535,1 millóns de euros (o 98,2%) corresponden ás transferencias correntes. Por provincias, A Coruña é a que ten unhas maiores obrigas, con 2.177,9 millóns de euros, o 38,6% do total galego, seguido de Pontevedra con 1.824,7 millóns de euros (32,4%) e Lugo e Ourense con 867,7 (o 15,4%) e 768,1 millóns de euros (13,6%), respectivamente.

Centrándonos nas transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro, o **cadro 3.2.4.** reflicte que as máis importantes son as do réxime xeral e o agrario, con 2.544,9 e 1.286,6 millóns de euros, respectivamente. Esta mesma situación rexístrase nas distintas provincias galegas agás en Lugo, onde o réxime especial agrario ten unhas obrigas recoñecidas superiores ás do réxime xeral.

O devandito **cadro 3.2.4.** reflicte que as pensións por xubilación son as que presentan un maior volume de obrigas recoñecidas, con 3.510 millóns de euros, seguidas das pensións de viudez, con 932,4 millóns de euros. No caso dos subsidios, os de incapacidade temporal son os máis importantes, con 211,7 millóns de euros.

A COBERTURA SOCIAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Os presupostos da Xunta dedican no ano 2005 o 37,9% do seu presuposto aos capítulos da Sanidade, Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e a Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado. A cantidade dedicada foi de 3.448,5 millóns de euros, dos que 2.827,2 millóns de euros corresponden á Consellería de Sanidade e o Sergas, 323 millóns de euros, á Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e os restantes 298,3 millóns, á Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

O **cadro 3.2.5.** reflicte a importancia relativa das operacións correntes no presuposto total das tres consellerías mencionadas. No ano 2005, as operacións correntes representan o 94,4% do total presu-

Dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General de la Seguridad Social 2005

	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
	(en miles de €)				
Cotizacións sociais	4.038.666,0	1.745.867,7	443.106,6	407.022,1	1.442.669,6
Réxime Xeral	2.929.374,9	1.297.314,9	297.172,2	288.867,5	1.046.020,2
Réxime especial de traballadores autónomos	522.804,0	212.006,0	65.609,6	67.436,5	177.752,0
Réxime especial agrario	87.721,3	31.070,7	32.090,6	8.938,3	15.621,7
Réxime especial de traballadores do mar	90.311,6	27.153,7	8.767,6	23,5	54.366,8
Réxime especial da minería do carbón	2.224,0	1.886,6	116,4	134,3	86,7
Réxime especial de empregados de fogar	27.264,3	11.166,8	3.717,3	4.131,8	8.248,3
Accidentes de traballo e enferm. profesionais	24.911,9	10.271,2	3.199,9	2.386,7	9.054,1
Cotizacións de desempregados	354.054,1	154.997,8	32.433,0	35.103,4	131.519,9
Taxas e outros ingresos	42.035,9	16.699,9	5.652,8	4.426,6	15.256,6
Transferencias correntes	1.606,5	868,4	336,2	144,1	257,8
Ingresos patrimoniais	123,7	97,9	20,3	1,6	3,9
Enaxenación de investimentos reais	127,3	127,3	-	-	-
Activos financeiros	374,1	149,5	53,8	43,7	127,1
Totais	4.082.933,5	1.763.810,7	449.169,7	411.638,1	1.458.315,0

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

3.2.2.

Obrigas contraídas polas entidades xestoras e Tesorería General de la Seguridad Social 2005

	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
	(en miles de €)				
Gastos de persoal	82.444,6	33.132,9	11.524,4	9.060,4	28.726,8
Gastos correntes en bens e servizos	15.932,5	5.876,7	1.900,1	1.274,0	6.881,8
Gastos financeiros	70,4	28,8	5,8	14,9	20,9
Transferencias correntes	5.535.062,7	2.136.587,2	853.217,5	757.203,4	1.788.054,6
Pensións	5.162.235,2	1.977.784,2	811.754,2	723.789,3	1.648.907,5
Pensións de invalidez	620.901,0	245.880,0	78.455,5	83.038,0	213.527,6
Pensións de xubilación	3.509.958,4	1.315.986,6	586.972,0	508.499,5	1.098.500,4
Pensións de viudedade	932.401,8	375.981,3	134.107,1	118.529,1	303.784,3
Pensións de orfandade	74.487,0	30.817,5	9.375,0	8.864,0	25.430,5
Pensións a favor de familiares	24.487,0	9.118,8	2.844,7	4.858,8	7.664,8
Incapacidade temporal	211.657,5	77.713,8	26.008,1	19.612,9	88.322,7
Recargos por falta de medidas seguridade e hixiene	1.449,0	585,9	125,6	132,1	605,5
Prestación por maternidade e risco no embarazo	54.227,7	23.546,6	4.840,3	4.934,8	20.906,0
Prestacións familiares	67.972,3	27.496,6	9.367,3	7.544,4	23.563,9
Outras prestacións, indemnizacións e entregas únicas	5.322,5	2.111,9	699,4	750,4	1.760,7
Prestacións sociais	32.187,0	27.347,9	422,3	439,4	3.977,5
Outras prestacións e indemnizacións	11,5	0,4	0,4	-	10,8
Farmacia	0,0	-	0,0	-	-
Investimentos reais	4.459,5	2.080,0	1.001,2	487,7	890,7
Activos financeiros	411,2	148,1	67,7	46,6	148,9
Pasivos financeiros	96,2	96,2	-	-	-
Total	5.638.477,2	2.177.949,8	867.716,8	768.087,0	1.824.723,6

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

3.2.3.

Obrigas contraídas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de la Seguridad Social en Galicia 2005: transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro

	Xeral	Traballadores autónomos	Agrario	do Mar	Minería do Carbón	Empregados do Fogar	Acc. Traballo e Enf. Profesional	Non Contributiva	Total
					(en miles de €)				
Pensións	2.544.870	422.989	1.286.590	434.389	20.929	87.691	153.637	211.141	5.162.235,2
Invalidez permanente	313.377	51.942	55.486	38.440	1.658	6.934	65.244	87.920	620.901,0
Xubilación	1.679.289	286.185	999.816	298.314	15.010	77.709	30.415	123.220	3.509.958,4
Viuvez	509.375	78.646	197.637	89.716	4.011	2.400	50.616	-	932.401,8
Orfandade	34.528	5.459	21.659	6.261	212	446	5.923	-	74.487,0
Favor de familiares	8.302	857	11.992	1.658	37	201	1.440	-	24.487,0
Subsidios	178.419	34.591	17.236	23.595	23	5.588	6.918	-	340.629,1
Incapacidade temporal por enfermidade ou accidente	128.761	30.227	16.710	23.036	22	5.169	5.684	-	211.657,5
Compensación por cotab. de empresas	-	-	-	-	-	-	-	-	209.609,5
Recargos por falta de medidas de seguridade e hixiene	-	-	-	-	-	-	-	-	2.048,0
Maternidade	48.698	4.317	306	493	-	413	-	-	1.449,0
Subsidio temporal por maternidade	48.202	4.307	303	479	-	413	-	-	54.227,7
Subsidio temporal por risco no embarazo	497	10	4	14	-	1	-	-	53.702,0
Prestacións familiares	-	-	-	-	-	-	-	-	525,7
Fillo a cargo	-	-	-	-	-	-	-	-	67.972,3
Id. con discapacidade	-	-	-	-	-	-	-	-	12.466,9
Nacemento de fillo	-	-	-	-	-	-	-	-	54.705,2
Parto múltiple	-	-	-	-	-	-	-	-	180,8
Outras prestacións	960	47	219	66	1	6	1.233	-	619,4
Prestacións asumibles pola Seguridade Social	-	-	-	-	-	-	-	-	5.322,5
Auxilio por defunción	155	43	173	24	1	6	17	-	418,1
Indemnización a tanto alzado	544	-	45	43	-	-	962	-	1.593,7
Por baremo	-	-	-	-	-	-	-	-	299,1
Entregas por desprazamento	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Prestacións complementarias D. Transít. Ley 21/1986.S	262	4	1	-	-	-	254	-	2.490,1
Outras	-	-	-	-	-	-	-	-	521,5
Prestacións sociais	-	-	-	-	-	-	-	-	32.187,0
Farmacía	-	-	-	-	-	-	-	-	0,0
Total	2.723.290	457.580	1.303.825	457.983	20.952	93.279	160.555	211.141	5.535.051,2

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

Presuposto consolidado das Consellerías de Sanidade, Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado e Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais 2005: distribución económica

	Consellería de Sanidade		Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado		Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e RR.LL.	
	(en miles de €)	(% / total)	(en miles de €)	(% / total)	(en miles de €)	(% / total)
Total operacións correntes	2.669.262,0	94,4	251.864,4	84,4	309.243,1	95,7
Cap. I Persoal	1.149.105,4	40,6	87.628,7	29,4	42.117,9	13,0
Cap. II Gastos bens corr. e serv.	608.919,4	21,5	98.269,5	32,9	14.974,2	4,6
Cap. IV Transferencias correntes	860.328,3	30,4	65.966,2	22,1	252.151,0	78,1
Cap. V Exc. Corr. E fonde Amortiz	50.908,9	1,8	-	-	-	-
Total operacións de capital	157.907,1	5,6	46.425,4	15,6	13.792,6	4,3
Cap. VI Investimentos reais	154.556,1	5,5	30.800,4	10,3	10.395,2	3,2
Cap. VII Transferencias de capital	2.725,9	0,1	15.625,0	5,2	3.397,4	1,1
Cap. VIII Activos financeiros	625,1	0,0	-	-	-	-
Transferencias internas	-	-	-	-	-	-
Total consolidado	2.827.169,1	100	298.289,8	100	323.035,7	100

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

3.2.5.

Presuposto consolidado da Consellería de Sanidade 2004-05: distribución dos créditos por programas

	2004	2005	05/04
	(en miles de €)		(%)
311 A Dirección e Servizos Xerais de Sanidade	60.286,0	66.371,3	10,1
312 A Atención especializada	1.462.266,5	1.577.465,8	7,9
313 A Protección e promoción da saúde	58.537,8	64.616,2	10,4
313 B Atención primaria de saúde	947.830,4	1.088.562,2	14,8
314 C Formación de graduados e posgraduados	28.033,0	29.972,7	6,9
441 A Elaboración e Difusión Estadística	177,8	180,9	1,7
Total	2.557.131,5	2.827.169,1	10,6

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

3.2.6.

Presuposto consolidado da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado 2004-05: distribución dos créditos por programas

	2004	2005	05/04
	(en miles de €)		(%)
211 A Dirección e Sec. Xerais de Protección Social	19.710,9	22.667,4	15,0
211 B Dirección e Sec. Xerais de Prestacións Sociais	17.179,7	66.771,4	288,7
212 A Pensións e prestacións asistenc.	25.793,2	30.359,6	17,7
212 B Centros para servizos sociais	22.079,1	96.211,7	335,8
212 D Pensións e prestacións en servizos sociais	7.081,3	31.444,2	344,0
212 F Plan do voluntariado	2.218,7	2.482,2	-
355 A Fomento da actividade deportiva	27.858,6	30.957,4	-
355 B Fomento de actividade xuvenil	16.095,9	17.067,0	6,0
441 A Elaboración e Difusión Estadística	411,4	329,2	-20,0
Total	138.428,8	298.290,1	115,5

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

3.27.

**Presuposto consolidado da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais
2004-05**

	2004	2005	05/04
	(en miles de €)		(%)
211 A Dirección e servizos xerais de protección social	3.371,2	3.695,3	9,6
211 B Dirección e servizos xerais de prestacións sociais	64.107,6	16.148,2	-74,8
212 A Pensións e prestacións asistenciais	42.075,8	42.240,0	0,4
212 B Centros para servizos sociais	61.358,5	3.318,9	-94,6
212 D Pensións e prestacións en servizos sociais	25.166,1	6.759,5	-73,1
214 A Administración das relacións laborais	6.702,7	6.903,4	3,0
214 B Seguridade e hixiene no traballo	7.345,8	8.575,8	16,7
241 A Fomento do emprego	168.042,5	173.165,5	3,0
241 B Fomento do emprego F.S.E.	36.012,2	32.480,3	-9,8
241 V Fomento do emprego. Plan Galicia.	-	29.641,0	-
441 A Elaboración e difusión estatística	107,8	107,8	0,0
Total	414.290,2	323.035,7	-22,0

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

3.2.8.

postado na Consellería de Sanidade (o 94,1% no ano 2004), o 84,4% no caso da Consellería de Familia e o 95,7% na Consellería de Asuntos Sociais, en tanto que as operacións de capital representan o 5,6%, o 15,6% e o 4,3%, respectivamente.

Atendendo á distribución dos créditos por programas, o **cadro 3.2.6.** amosa que os dous programas máis importantes na Consellería de Sanidade son os de atención especializada e atención primaria de saúde, que no ano 2005 acollen 2.666 millóns de euros (un 10,6% máis que en 2004), o que representa o 94,3% do total presupostado.

No caso da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, **cadro 3.2.7.**, hai que salienta-la importancia das partidas dedicadas en 2005 aos programas Dirección e Sec. Xerais de Prestacións Sociais e Centros para servizos sociais, que recibiron unha asignación total de 163 millóns de euros (o 54,6% do presupostado).

Finalmente, no orzamento da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, 173,2 millóns de euros corresponden a Fomento do emprego, sendo de 42,2 millóns de euros (o,4% máis) o programa de pensións e prestacións asistenciais. Tal como reflicte o **cadro 3.2.8.**, cómpre salientar o incremento do 16,7% rexistrado no caso do programa de seguridade e hixiene no traballo.

PRESTACIÓNS ECONÓMICAS

O número total de beneficiarios dalgún tipo de prestación ascendeu en Galicia a 831,3 miles de persoas, un 0,8% máis que no ano anterior. Este incremento ven explicado fundamentalmente pola medra experimentada no caso dos beneficiarios das prestacións por desemprego e das pensións contributivas.

• Pensións contributivas

O número medio (anual) de beneficiarios en Galicia que, no ano 2005, cobraba algún tipo de pensión da Seguridade Social foi de 689,7 miles de persoas, ascendendo o importe medio das pensións a 506,23 euros por persoa. O número de pensións en Galicia rexistrou unha medra do 0,6% respecto ao

Beneficiarios e importe medio das prestacións 2004-05: distribución segundo tipo de cobertura

	2004		2005	
	número (en miles de prestacións) (media anual)	importe medio (en €) (media mensual)	número (en miles de prestacións) (media anual)	importe medio (en €) (media mensual)
Pensións contributivas	685,4	478,26	689,7	506,23
Incapacidade permanente	61,0	564,24	62,6	595,85
Xubilación	428,3	526,06	428,5	557,66
Viuvez	170,3	361,75	173,0	381,05
Orfandade e favor familiar	25,8	250,74	25,5	271,62
Pensións non contributivas	54,4		53,7	
Invalidez	21,3		20,9	
Xubilación	33,1		32,8	
LISMI	3,5		3,1	
Pensións asistenciais	0,3		0,2	
Prestacións por desemprego	75,1		78,6	
Contributivas	41,1		43,5	
Subsidios	29,6		30,0	
Renta activa de inserción	4,4		5,2	
RISGA	(beneficiarios a 31-12) 4.173	(media anual) 293,08	(beneficiarios a 31-12) 4.145	(media anual) 295,53
Axudas de emerxencia social	1.747	900,56	1.915	1.130,31

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do *Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales* e da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

3.2.9.

ano anterior (1,3% no conxunto do Estado), situándose a súa importancia relativa no total estatal no 8,6%.

Galicia segue sendo a quinta comunidade con maior número de pensións, sendo superada por Cataluña, Andalucía, Madrid e a C. Valenciana. Asemade, non só continúa a ser a Comunidade Autónoma co importe medio máis baixo, senón que volve a medrar o diferencial co importe medio estatal: 103,52 euros inferior en 2005 fronte aos 98,31 euros menos no ano anterior.

Desagregando o estudo segundo os diferentes tipos de pensións, o **cadro 3.2.10.** reflicte que o número de pensións de incapacidade permanente en Galicia foi de 62,6 miles de pensións en 2005 (61,0 miles de pensións no ano anterior). O seu importe medio ascendeu ata os 595,85 euros, 104,20 euros inferior á media estatal, o que o sitúa coma a terceira comunidade co importe medio máis baixo, por diante de Murcia, con 574,33 euros, e Extremadura, con 566,94 euros.

Respecto ás pensións por xubilación e viuvez, estas ascenderon a 428,5 e 173,0 miles de pensións, respectivamente, o que representa o 9,2% do total das pensións de xubilación de España e o 8,0% das pensións de viuvez. Os seus importes medios son os máis baixos do Estado con 557,66 e 381,05 euros, respectivamente.

O problema do baixo importe medio das pensións galegas en comparación coas outras comunidades agrávase polo feito de que segue aumentado o diferencial coa media estatal nos casos da incapacidade permanente, xubilación e viuvez. No primeiro caso, o diferencial respecto ao importe do Estado medra en 3,34 euros, pasando este de 100,86 euros en 2004 a 104,20 euros menos en 2005; medra en 6,10 euros no caso das pensións de xubilación, pasando de 122,85 euros a 128,95 euros no último ano; e aumenta en 3,87 euros no caso das pensións de viuvez, pasando de 70,34 euros menos a 74,21 euros menos no derradeiro ano. Pola contra, nas pensións por orfandade e favor familiar, o diferencial con res-

Pensións da Seguridade Social nas CC.AA. 2004-05: beneficiarios e importe medio segundo clase de pensión

(número: medias anuais, en miles de pensións)
(importe medio: en €)

2004

	Totais		Incapacidade permanente (1)		Xubilación		Viuvez		Orfandade e favor familiar	
	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio
Andalucía	1.254,9	530,81	181,6	627,40	666,6	593,35	343,1	412,23	63,6	239,19
Aragón	262,6	592,83	21,6	736,83	160,8	657,42	72,0	440,60	8,2	282,49
Asturias	284,0	700,04	32,3	842,89	160,1	811,09	81,6	472,11	9,9	319,08
Baleares	151,5	521,59	18,7	611,91	87,8	579,20	39,9	390,30	5,0	219,74
Canarias	217,8	539,94	25,9	587,72	114,4	630,28	63,1	425,70	14,4	238,30
Cantabria	122,2	599,92	12,0	705,94	72,2	679,09	33,1	434,99	4,8	283,87
Castela-A Mancha	318,6	523,74	28,6	592,57	187,5	583,00	88,9	418,30	13,6	252,47
Castela e León	565,0	554,23	42,1	689,88	350,3	615,21	151,5	414,85	21,2	273,08
Cataluña	1.387,9	597,71	145,5	683,54	846,1	664,34	360,1	440,67	36,2	257,92
Comunidade Valenciana	775,0	528,99	77,9	604,84	450,8	590,10	216,7	414,10	29,6	240,28
Extremadura	196,6	484,44	19,1	535,57	109,7	540,18	57,7	404,84	10,2	240,33
Galicia	685,4	478,26	61,0	564,24	428,3	526,06	170,3	361,75	25,8	250,74
Madrid	836,0	687,47	62,3	781,64	505,0	793,48	236,0	491,66	32,7	283,31
Murcia	203,1	510,35	28,0	541,74	112,9	576,34	53,4	399,60	8,8	235,70
Navarra	105,4	539,44	10,2	801,91	64,1	712,92	27,3	455,29	3,8	287,44
País Vasco	440,9	735,16	41,2	867,87	260,9	840,55	122,1	515,82	16,8	314,53
A Ríoxa	57,6	552,05	5,6	586,60	35,6	603,26	14,7	421,22	1,8	275,11
Ceuta e Melilla	14,1	614,25	1,7	786,89	6,6	747,56	4,6	452,37	1,1	230,08
Total	7.878,6	576,57	815,1	665,10	4.619,6	648,91	2.136,4	432,09	307,6	258,97
G/E (%)	8,7		7,5		9,3		8,0		8,4	

2005

	Totais		Incapacidade permanente		Xubilación		Viuvez		Orfandade e favor familiar	
	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio
Andalucía	1.271,9	561,90	185,4	660,41	675,5	628,67	348,8	434,35	62,2	258,62
Aragón	264,6	627,95	21,9	772,58	162,0	697,48	72,6	465,28	8,0	302,24
Asturias	285,2	738,74	33,4	881,25	159,7	857,00	82,4	498,42	9,7	342,98
Baleares	153,0	551,09	18,7	640,94	88,9	613,81	40,5	410,34	4,9	236,40
Canarias	221,8	571,26	26,4	618,50	116,5	667,23	64,5	448,44	14,3	257,11
Cantabria	123,2	633,82	12,4	745,11	72,6	717,38	33,5	458,17	4,8	305,24
Castela-A Mancha	321,1	556,63	29,7	627,82	187,8	620,14	90,0	443,35	13,6	273,16
Castela e León	566,9	587,26	42,3	724,46	350,8	652,84	152,8	438,62	20,9	295,80
Cataluña	1.410,8	630,94	149,5	721,82	860,1	701,45	365,1	462,76	36,1	275,34
Comunidade Valenciana	785,2	559,34	80,1	638,95	458,8	624,06	219,9	435,41	29,4	259,59
Extremadura	197,9	513,80	19,5	566,94	110,0	572,83	58,3	428,58	10,1	280,18
Galicia	689,7	506,23	62,6	595,85	428,5	557,66	173,0	381,05	25,5	271,62
Madrid	850,7	726,13	63,0	816,96	517,1	836,76	239,2	518,56	31,4	303,77
Murcia	205,2	539,34	28,3	574,33	114,0	608,57	54,2	421,03	8,7	255,68
Navarra	107,5	579,36	10,5	844,70	65,7	758,24	27,7	480,54	3,8	306,47
País Vasco	449,2	771,62	41,8	910,47	267,2	862,67	123,7	543,20	16,4	335,93
A Ríoxa	58,6	563,42	5,6	689,84	36,3	657,57	14,9	444,51	1,8	296,50
Ceuta e Melilla	14,1	647,56	1,7	825,45	6,7	785,56	4,7	476,92	1,1	251,16
Total	7.979,7	609,75	832,8	700,05	4.678,3	686,61	2.165,9	455,26	302,8	278,81
G/E (%)	8,6		7,5		9,2		8,0		8,4	

(1) desde decembro de 1997, as pensións de incapacidade permanente de beneficiarios de 65 e máis anos figuran incluídas nas de xubilación
Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

**Pensións contributivas da Seguridade Social en Galicia e España a 31 de decembro de 2004-05:
beneficiarios e importe medio segundo réxime**

(número: medias anuais, en miles de pensións)
(importe medio: en €)

2004

	Galicia		España		Galicia / España	
	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio (%)
Réxime Xeral	270.432	607,79	4.485.953	698,79	6,0	87,0
R. E. de traballadores autónomos	70.026	398,01	956.813	422,93	7,3	94,1
R. E. Agrario, conta propia	235.780	358,39	826.480	379,54	28,5	94,4
R. E. Agrario, conta allea	6.455	375,09	662.211	395,04	1,0	94,9
R. E. de Traballadores do Mar	48.836	590,70	130.393	650,90	37,5	90,8
R. E. da Minería do Carbón	1.603	867,47	71.891	1.042,92	2,2	83,2
R. E. de Empregados de Fogar	15.985	363,39	197.181	367,99	8,1	98,8
Accidentes de Traballo	17.316	545,88	200.024	634,22	8,7	86,1
Enfermidades Profesionais	2.493	645,13	44.567	879,58	5,6	73,3
SOVI	19.195	266,83	345.182	244,76	5,6	109,0
Total	688.121	481,59	7.920.695	581,56	8,7	82,8

2005

	Galicia		España		Galicia / España	
	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio (%)
Réxime Xeral	277.547	640,88	4.581.932	737,69	6,1	86,9
R. E. de traballadores autónomos	72.310	422,11	982.924	448,08	7,4	94,2
R. E. Agrario, conta propia	230.583	376,63	808.185	399,21	28,5	94,3
R. E. Agrario, conta allea	6.378	395,01	659.750	415,59	1,0	95,0
R. E. de Traballadores do Mar	49.642	620,80	130.886	683,65	37,9	90,8
R. E. da Minería do Carbón	1.605	908,14	71.260	1.098,32	2,3	82,7
R. E. de Empregados de Fogar	16.094	383,45	194.561	388,00	8,3	98,8
Accidentes de Traballo	17.428	580,52	201.538	671,83	8,6	86,4
Enfermidades Profesionais	2.536	680,72	44.469	918,13	5,7	74,1
SOVI	21.060	289,53	431.763	291,72	4,9	99,3
Total	695.183	509,43	8.107.268	612,13	8,6	83,2

Fonte: Instituto Nacional de la Seguridad Social

3.2.11.

pecto á media española redúcese lixeiramente dende os 8,23 euros inferior á media estatal no ano 2004 ata 7,19 euros en 2005.

Canto á distribución segundo réximes, os datos recollidos no **cadro 3.2.11.** indican que os réximes xeral e agrario (conta propia) acollen o maior número de pensións, con 277.547 e 230.583 pensións, respectivamente, situándose as súas pensións medias en 640,88 e 376,63 euros, respectivamente. No réxime especial de traballadores autónomos, o número de pensións ascendeu a 73.310 e o seu importe medio, a 422,1 euros.

Comparado co resto das CC.AA., Galicia é a segunda comunidade con menor importe medio no caso do réxime xeral e do réxime especial agrario por conta propia, por detrás de Extremadura e Ceuta e Melilla, respectivamente. No caso do réxime especial de traballadores autónomos, o importe medio galego tan só é superior ao rexistrado en Baleares e Canarias.

Atendendo á evolución respecto ao ano anterior, o devandito **cadro 3.2.11.** reflicte o incremento do número de pensións contributivas en Galicia en tódolos réximes agás nos agrarios. No concenrente aos

Pensións non contributivas nas CC.AA. 2004-05: beneficiarios

	Beneficiarios totais			Invalidez (1)			Xubilación		
	2004	2005	05/04	2004	2005	05/04	2004	2005	05/04
	(en medias anuais)			(en medias anuais)			(en medias anuais)		
			(%)			(%)			(%)
Andalucía	110.286	109.886	-0,4	47.274	46.871	-0,9	63.012	63.015	0,0
Aragón	10.206	9.834	-3,6	3.073	3.042	-1,0	7.133	6.792	-4,8
Asturias	11.233	11.175	-0,5	5.296	5.329	0,6	5.937	5.846	-1,5
Baleares	7.961	7.940	-0,3	3.602	3.566	-1,0	4.359	4.374	0,3
Canarias	42.043	42.153	0,3	19.531	19.497	-0,2	22.511	22.656	0,6
Cantabria	6.450	6.291	-2,5	3.025	3.010	-0,5	3.425	3.281	-4,2
Castela-A Mancha	23.758	23.415	-1,4	9.039	8.959	-0,9	14.719	14.456	-1,8
Castela e León	27.778	27.129	-2,3	11.245	11.019	-2,0	16.533	16.109	-2,6
Cataluña	60.183	59.833	-0,6	25.796	25.750	-0,2	34.388	34.084	-0,9
C. Valenciana	47.224	47.391	0,4	20.531	20.496	-0,2	26.693	26.895	0,8
Extremadura	17.356	17.083	-1,6	6.149	6.167	0,3	11.207	10.916	-2,6
Galicia	54.434	53.685	-1,4	21.325	20.923	-1,9	33.109	32.762	-1,0
Madrid	34.213	34.054	-0,5	13.750	13.672	-0,6	20.463	20.382	-0,4
Murcia	15.539	15.205	-2,1	7.950	7.727	-2,8	7.588	7.478	-1,4
Navarra	3.288	3.160	-3,9	1.018	1.022	0,4	2.270	2.138	-5,8
País Vasco	10.103	9.939	-1,6	5.314	5.236	-1,5	4.789	4.703	-1,8
A Rioxa	2.179	2.119	-2,8	870	860	-1,1	1.309	1.259	-3,8
Ceuta e Melilla	4.239	4.216	-0,5	2.236	2.174	-2,8	2.003	2.042	1,9
Total	488.473	484.508	-0,8	207.024	205.320	-0,8	281.448	279.188	-0,8
G/E (%)	11,1	11,1		10,3	10,2		11,8	11,7	

(1) Dende xaneiro de 2001 os beneficiarios de pensións de invalidez, con 65 ou máis anos, pasan a percibir a pensión de xubilación
Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

3.2.12.

importes medios, estos medran nos diferentes reximes, se ben estos incrementos son inferiores aos rexistrados no conxunto do Estado (agás no R.E. de empregados do fogar, cunha medra similar). Tendo en conta os tres grandes réximes no que ao número de pensións se refire, o diferencial máis importante é o rexistrado no caso do réxime xeral, que medra 5,82 euros menos que no conxunto do Estado, fronte aos 1,44 euros menos do R.E. agrario e os 1,04 euros menos no caso do R.E. de traballadores autónomos.

• Pensións non contributivas

O número total de beneficiarios das pensións non contributivas descendeu, entre os anos 2004 e 2005, tanto en Galicia coma no conxunto do Estado. Galicia segue a ser a terceira comunidade co maior número de beneficiarios, con 53.685 beneficiarios (o 11,1% do total de beneficiarios en España), despois de Andalucía e Cataluña, con 109.886 e 59.833 beneficiarios, respectivamente.

Tendo en conta os dous tipos de pensións non contributivas, as de invalidez e as de xubilación, o **cadro 3.2.12.** amosa que o 39,0% do total de beneficiarios corresponde ás primeiras, e o restante 61,0%, a pensións de xubilación. A diferenza do acontecido no ano anterior, o devandito cadro amosa o descenso tanto das pensións de invalidez (representa o 10,2% do total estatal) coma das pensións de xubilación (o 11,7% destas pensións no conxunto do Estado).

Ao longo do ano 2005 continúa a redución do número de beneficiarios de prestacións sociais e económicas da Lei de Integración Social dos Minusválidos (Lismi) e das pensións asistenciais. No primeiro caso, como reflicte o **cadro 3.2.13.**, volve a rexistrarse un descenso do número de beneficiarios en tódalas comunidades autónomas. Esta caída foi do 9,9% respecto a 2004 no caso galego (344 beneficiarios menos), un punto porcentual inferior ao experimentado no conxunto do Estado.

Beneficiarios das prestacións sociais e económicas da LISMI e das pensións asistenciais nas CC.AA. 2004-05

	LISMI			Pensións asistenciais		
	2004	2005	05/04	2004	2005	05/04
	(en medias anuais)		(%)	(en medias anuais)		(%)
Andalucía	13.086	11.563	-11,6	15.785	14.164	-10,3
Aragón	1.999	1.717	-14,1	193	146	-24,4
Asturias	2.423	2.083	-14,0	239	190	-20,5
Baleares	624	547	-12,3	321	129	-59,8
Canarias	761	670	-12,0	4.298	3.945	-8,2
Cantabria	1.218	1.122	-7,9	209	155	-25,8
Castela-A Mancha	5.410	4.965	-8,2	2.354	2.069	-12,1
Castela e León	7.949	7.224	-9,1	1.725	936	-45,7
Cataluña	6.523	5.475	-16,1	1.855	1.508	-18,7
C. Valenciana	6.549	5.875	-10,3	3.531	3.080	-12,8
Extremadura	5.404	4.877	-9,8	1.443	1.254	-13,1
Galicia	3.480	3.136	-9,9	273	165	-39,6
Madrid	5.496	4.980	-9,4	3.028	2.627	-13,2
Murcia	8.753	7.818	-10,7	1.033	880	-14,8
Navarra	-	-	-	206	154	-25,2
País Vasco	-	-	-	-	1.477	-
A Rioxa	428	389	-9,1	22	18	-18,2
Ceuta e Melilla	1.015	930	-8,4	248	205	-17,3
Total	71.118	63.371	-10,9	36.763	33.102	-10,0
G/E (%)	4,9	4,9		0,7	0,5	

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

3.2.13.

Beneficiarios de prestacións por desemprego e paro rexistrado 2004-05

2004						
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España (1)
Nivel contributivo	17.620	4.277	4.291	14.923	41.110	663,1
Nivel asistencial	(media mensual) 11.617	3.412	4.610	9.918	29.556	560,0
Renta Activa de Inserción	1.617	593	778	1.439	4.426	39,3
Total	30.853	8.281	9.678	26.280	75.092	1.262,4
Paro rexistrado (1)	72,5	18,2	21,5	64,7	176,9	2.133,7
Benef. contr./Paro rexistr.	(%) 24,3	23,4	20,0	23,1	23,2	31,1
Benef. subs./Paro rexistr.	16,0	18,7	21,5	15,3	16,7	26,2
Taxas de cobertura bruta das prestacións por desemprego	50,6	53,4	54,6	49,3	50,9	63,7
2005						
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España (1)
Nivel contributivo	18.950	4.113	4.680	15.727	43.470	687,0
Nivel asistencial	(media mensual) 11.703	3.329	4.507	10.438	29.977	558,5
Renta Activa de Inserción	1.958	593	901	1.736	5.178	49,7
Total	32.611	8.025	10.088	27.901	78.625	1.295,2
Paro rexistrado (1)	69,6	17,4	21,3	63,8	172,1	2.069,9
Benef. contr./Paro rexistr.	27,2	23,7	22,0	24,7	25,3	33,2
Benef. subs./Paro rexistr.	16,8	19,2	21,2	16,4	17,4	27,0
Taxas de cobertura bruta das prestacións por desemprego	(%) 55,5	53,9	57,1	53,4	54,8	67,8

(1) os datos do paro rexistrado e os datos de beneficiarios para España están en miles

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INEM e Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

3.2.14.

O número de beneficiarios destas prestacións en Galicia desendeu no ano 2005 ata os 3.136 beneficiarios (3.480 en 2004), manténdose a súa importancia relativa no conxunto de España no 4,9%.

En relación aos beneficiarios das **pensións asistenciais**, o devandito **cadro 3.2.13**, amosa que en 2005 se rexistra unha caída de case o 40% respecto ao número de beneficiarios do ano anterior, pasando de 273 beneficiarios en 2004 aos 165 beneficiarios do ano 2005. O peso relativo destes beneficiarios no conxunto estatal descende lixeiramente dende o 0,7% de 2004 ao 0,5% do ano 2005.

• Prestacións por desemprego

O número total de beneficiarios por prestacións de desemprego, ao igual que o acontecido no ano anterior, aumentou en 2005 en Galicia a un ritmo superior ao rexistrado no conxunto do Estado. Os perceptores destas prestacións medraron un 4,7% respecto ao ano precedente (3,6% en España), acadando as 78,6 miles de persoas (3,5 miles de beneficiarios máis que en 2004). Un 55,3% dos beneficiarios cobrou as prestacións de nivel contributivo, correspondendo un 38,1% a beneficiarios de prestacións de nivel asistencial e o 6,6% restante, á renda activa de inserción.

Se en 2004 as catro provincias galegas experimentaron unha medra no número de beneficiarios de prestacións por desemprego, no ano 2005 a provincia de Lugo rexistrou unha lixeira caída do seu número de perceptores (0,3 miles de beneficiarios). Pola contra, en A Coruña o número de beneficiarios medrou en 1,7 miles de persoas (5,5% en relación ao ano precedente), en Pontevedra, en 1,6 miles de beneficiarios (6,1%) e en Ourense, en 0,4 miles de beneficiarios. Tras esta evolución, o número de beneficiarios de prestacións por desemprego en A Coruña situouse nas 32,6 miles de persoas, fronte ás 27,9 miles de persoas de Pontevedra e os 10,1 e 8,0 miles de beneficiarios en Ourense e Lugo, respectivamente.

A taxa de cobertura bruta das prestacións por desemprego, que mide a relación entre perceptores (excluídos os de desemprego parcial e os de subsidios de traballadores eventuais agrarios) e o paro rexistrado, ao igual que o acontecido no conxunto do Estado, medra no ano 2005 en Galicia ata o 54,8% (50,9% no ano anterior). En España, esta relación acada o 67,8% en 2005 fronte ao 63,7% do ano anterior. Ourense sitúase como a provincia coa taxa de cobertura máis elevada, co 57,1% (54,6% en 2004), seguindo-lle A Coruña, co 55,5% (50,6% en 2004).

O **cadro 3.2.13**, reflicte un incremento tanto da relación entre beneficiarios das prestacións contributivas e o paro rexistrado, que pasa do 23,2% de 2004 ao 25,3% do ano 2005, como da relación entre beneficiarios de subsidios e o paro rexistrado (16,7% no ano 2004 e 17,4% en 2005).

• Renda de integración social

O número total de beneficiarios da renda de integración social de Galicia (Risga) a 31 de decembro de 2005 situouse nas 4.145 persoas, 28 beneficiarios menos que no mesmo período do ano anterior, das que 1.637 persoas perciben o subsidio básico e 2.193 beneficiarios o devandito subsidio básico máis un complemento familiar e/ou un complemento de inserción. Tendo en conta que esta renda beneficia á unidade familiar, e que esta está formada por unha media de tres persoas, o número de beneficiarios desta renda de integración ascendeu no último ano a 12.435 galegos.

No que ao perfil xeral dos perceptores da Risga en 2005 se refire, este é o de “unha muller de entre 25 e 44 anos, solteira ou separada con cargas familiares que vive en zona urbana, sóa ou coa súa familia nuclear nun piso de aluguer ou cedido en precario. O nivel de estudos é de primarios incomple-

Risga e Axudas de Emerxencia Social 2005: beneficiarios e pagos

	Beneficiarios		Importe total pagado		Importe medio	
	Beneficiarios da Risga	Concesións das AES	Risga	AES	Risga	AES
			(en miles de €)		(en €)	
A Coruña	1.785	484	538,6	424,5	301,74	877,06
Lugo	424	307	121,0	432,8	285,30	1.409,86
Ourense	612	335	176,4	554,6	288,30	1.655,62
Pontevedra	1.324	789	389,0	752,6	293,77	953,85
Total	4.145	1.915	1.225,0	2.164,5	295,53	1.130,31

Fonte: Dirección Xeral de Acción Social

3.2.15.

Resolución das solicitudes presentadas á Risga e ás AES 2004-05

	2004			2005		
	totais	Risga	AES	totais	Risga	AES
solicitudes a resolver	5.710	2.588	3.122	6.095	2.748	3.347
presentadas no ano	5.022	2.262	2.760	5.500	2.427	3.073
pendentes do ano anterior	688	326	362	595	321	274
solicitudes resoltas	4.733	2.050	2.683	5.052	2.262	2.790
estimadas	3.223	1.476	1.747	3.611	1.679	1.932
desestimadas	1.510	574	936	1.441	583	858
solicitudes present. / resoltas (%)	82,9	79,2	85,9	82,9	82,3	83,4

Fonte: Dirección Xeral de Acción Social

3.2.16.

Risga e Axudas de Emerxencia Social 2004-05: solicitudes rexistradas nas delegacións provinciais

	Risga		Axudas de emerxencia social		Total	
	2004	2005	2004	2005	2004	2005
A Coruña	908	942	765	937	1.673	1.879
Lugo	266	264	404	394	670	658
Ourense	252	329	469	535	721	864
Pontevedra	836	888	1.122	1.184	1.958	2.072
Total	2.262	2.423	2.760	3.050	5.022	5.473

Fonte: Dirección Xeral de Acción Social

3.2.17.

tos e atópase parada aínda que non en búsqueda do seu primeiro emprego”. Ao igual que en anos anteriores, cómpre salientar o predominio do sexo feminino (65,6% dos beneficiarios en 2005), da residencia no medio urbano (o 77,6% dos perceptores residen en núcleos de máis de dez mil habitantes), e o predominio dos beneficiarios con idades comprendidas entre 25 e 44 anos (59,2%, respectivamente). En xeral, o nivel de estudos destes perceptores é moi baixo, xa que un 47,4% dos mesmos só teñen os estudos primarios incompletos, un 37,5% estudos primarios e un 4,2% dos beneficiarios son analfabetos. Asemade, no relativo á súa problemática básica cómpre salientar o desemprego (o 86,0% dos perceptores) onde o 84,9% dos beneficiarios da Risga son persoas paradas que traballaron algunha vez.

O **cadro 3.2.15.** reflicte que o importe total pagado no caso da Risga ascendeu a 1.225,0 miles de euros, polo que dado o número de beneficiarios, o importe medio por beneficiario ascendeu a 295,53 euros (293,08 euros no ano anterior).

Das 2.748 solicitudes a resolver no último ano (321 pendentes do ano anterior), foron resoltas 2.262 solicitudes (1.679 estimadas e 583 denegadas). Hai que destacar que en 2005 rexistrouse unha mellora da porcentaxe de resolución de solicitudes, qua acada neste ano o 82,3% fronte ao 79,2% do ano anterior (**cadro 3.2.16.**).

Canto ás **axudas de emerxencia social**, ao longo do 2005 concedéronse un total de 1.915 AES, o que implicou un gasto de 2.164,5 miles de euros. A contía media destas axudas ascendeu a 1.130,31 euros, oscilando a mesma entre os 877,06 euros de A Coruña e os 1.655,62 euros de Ourense.

No último ano houbo un total de 3.347 solicitudes de AES a resolver (274 pendentes do ano anterior), das que foron resoltas 2.790 solicitudes (1.932 estimadas e 858 denegadas). A diferencia do que sucede no caso da risga, a porcentaxe de resolución destas axudas descende no último ano en dous puntos e medio, acadando en 2005 o 83,4%.

Respecto ao perfil dos beneficiarios destas axudas de emerxencia social, cómpre salientar que o 19,2% reside no medio rural (núcleos de menos de 10.000 habitantes), o predominio do sexo feminino (o 66,2% son mulleres) e das persoas con idades comprendidas entre 25 e 44 anos (50,6% dos perceptores). Asemade, no relativo á súa situación laboral, un 58,8% corresponde a parados que xa traballaron e un 30,6% a inactivos, e no que á vivenda se refire, o tipo de vivenda característico é o piso (o 64,3%) seguido da vivenda unifamiliar (24,2%). Un 52,4% dos beneficiarios residen en vivenda alugada e un 23,7% reside en vivenda propia, dos que a maior parte teñen aboada a referida vivenda. Finalmente, un 12,9% dos beneficiarios residen en vivenda cedida en precario.

Canto aos resultados das distintas medidas para a inserción social, 801 beneficiarios iniciaron e/ou confirmaron ao longo do ano 2005 a súa integración social e laboral, o que supón o 14% do número de persoas que estiveron incorporadas ao programa no citado período (5.857 persoas), coa salvedade de que algúns deles poden voltar ao dispositivo pola perda do traballo temporal ou indefinido acadado. ■